

Domingo 27 de setembro, 12:00 horas. Inauguración

A Fundación Luis Seoane reúne as experiencias de creadores e alumnos durante o confinamento na mostra *Escóitasmе? Unha exposición do Laboratorio Seoane*

De maneira paralela, a Fundación María José Jove organizará visitas á súa Colección de arte coa obra de Luis Seoane como eixo



O vindeiro domingo 27 de setembro, ás 12:00 horas, a Fundación Luis Seoane inaugurará a exposición *Escóitasmе? Unha exposición do Laboratorio Seoane*, que amosará ao público as propostas dunha serie de creadores e os traballos dos participantes no proxecto didáctico *Laboratorio Escóitasmе?*, que se desenvolveu ao longo de 10 semanas durante o período de confinamento.

Pola súa parte, a Fundación María José Jove quixo colaborar con esta iniciativa incluíndo na súa nova programación de visitas didácticas un percorrido especial sobre a obra de Luis Seoane. A visita á Fundación María José Jove permitirá coñecer tres obras orixinais de Luis Seoane: *Bodegón*- 1969; *Mulleres*- 1959 e *Pulpo y jarra*- 1961 cun guión de visita didáctica que falará acerca das linguaxes da arte, as vangardas pictóricas internacionais, españolas e galegas e, finalmente, contextualizará as obras de Seoane dentro dese mapa. A visita está formulada para comezala nunha das

fundacións e continua na outra, cun nexa, que son as obras de Seoane que a Fundación María José Jove ten na súa colección.

Ambas institucións editarán, ademais, unha guía didáctica sobre as pezas de Luis Seoane que se reproducirán na presente exposición. Trátase dunha colaboración didáctica que permitirá aos visitantes participar nunha experiencia educativa dialóxica entre a Fundación Luis Seoane e a Fundación María José Jove.

A exposición

O 14 de marzo de 2020 decretábase o estado de alarma en todo o país por mor da pandemia da COVID-19. As institucións culturais de todo o territorio nacional pechaban ás súas portas ata nova orde e, en consecuencia, a programación da Fundación Luis Seoane suspendíase.

Nese momento, decidiuse trasladar parte das actividades infantís da Fundación á unha plataforma online, de maneira que a rutina dos usuarios que ata entón adoitaban acudir aos obradoiros presenciais se vise afectada o menos posible. Así naceu *Laboratorio Escóitasmé?*, un proxecto no que tres artistas diferentes propoñían cada semana aos participantes un reto relacionado co seu traballo e co universo creativo de Luis Seoane.

Baixo a dirección do arquitecto Fermín Blanco e de Silvia Longueira, directora da Fundación Luis Seoane, a nova actividade chegou a contar con máis de trinta participantes e 24 creadores: Mónica Alonso, Rosario Belda, Fermín Blanco, Vicente Blanco, David Carballal, Pablo Caridad, Juan de la Colina, Érica Esmorís, José Luis Ducid, Eduardo Fernández, César Fernández Arias, Teresa González, Ciuco Gutiérrez, Antón Lezcano, Barbara Long, Silvia Longueira, Antonia López, Iría Martínez, Marco Moreira, Carme Nogueira, Isabel Risco, Cillas Rodríguez, María Vázquez e Maya Weishof. Ao longo de 52 sesións distribuídas en 10 semanas, elaboráronse un total de 25 retos, 3 eventos e un programa de radio nos que se experimentou co teatro, a pintura, a edición, a antropoloxía, a fotografía, a creación audiovisual ou a poesía, entre outros temas.

En paralelo aos retos, convidouse aos participantes a que constrúisen 'palabros', é dicir, que creasen termos propios baseados nas circunstancias da corentena representándoos posteriormente cunha imaxe. Estes 'palabros', xunto coas reproducións dunha selección de obra do legado da Fundación Luis Seoane e das tres pezas de Luis Seoane pertencentes á Fundación María José Jove, as propostas dos

artistas, o material realizado polos participantes e os elementos pedagóxicos desenvolvidos durante a actividade, protagonizan agora **Escóitasma? Unha exposición do Laboratorio Seoane.**

Coa obra do artista galego como fío condutor, a mostra, comisariada polos responsables do proxecto orixinal, Fermín Blanco e Silvia Longueira, recolle na sala principal da planta baixa da Fundación cada un dos retos lanzados polos artistas e os traballos que se elaboraron a partir destes. Na sala principal do primeiro andar, amosarase un xornal coas noticias que apareceron nos medios de comunicación durante o tempo de confinamento e un skyline cos 'palabros', que se estenderá alén deste espazo, unindo esta parte da mostra coas reproducións da obra de Seoane, os retos e os traballos expostos na planta baixa.

Alerta en el Orzán

Alerta en el Orzán de José Luis Ducid é un proxecto que naceu como unha serie de textos que o autor enviaba aos seus contactos a diario, nos que o personaxe principal reflexionaba sobre as súas circunstancias durante o período de confinamento. Pouco despois, sumaríanse ao proxecto as ilustracións de Álvaro Dorda, os collages de Inés Taboada Vizcaíno, as viñetas de David Carballal, os audiovisuais de Pablo Rega e mesmo fotografías tomadas pola madre do escritor. A exposición incluírá tamén material orixinal desta obra, que se transformará proximamente nunha publicación grazas a unha campaña de crowdfunding. Ademais, José Luis Ducid foi un dos artistas que participaron na realización da didáctica de *Laboratorio Escóitasma?*

Actividades paralelas

A exposición ofrece unha actividade didáctica baseada nas propostas do formato orixinal de *Laboratorio Escóitasma?* durante el período de confinamento. Partindo das reproducións da obra de Luis Seoane cedidas pola Fundación María José Jove para a mostra, propoñeranse novos retos aos participantes, dentro do programa de visitas guiadas que elaboran ambas institucións que, ademais, coeditarán unha guía didáctica.

A exposición poderá visitarse na Fundación Luis Seoane ata o vindeiro 21 de marzo de 2021.

Para máis información:

Emma Fernández

Fundación Luis Seoane

emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal